

Obxecto: Informe do Estudo de Impacto Ambiental (EIA) e Proxecto de Interese Autonómico (PIA)
Proxecto: Parque eólico Legre
Localización: Concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power S.L.
Remitente: Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave: IN408A 2020/097
Data rexistro: 07.07.2022
Expedientes: 03.I.520.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3228/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 07.07.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Industria e Innovación no que se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e o artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Para iso achéganse os enlaces para descargar os documentos "Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Legre. Outubro 2021" e "Proxecto de Interese Autonómico Parque Eólico Legre. Xaneiro 2022".

ANTECEDENTES:

O 13.07.2018 a DXPC autorizara o arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar para realizar a prospección arqueolóxica para avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Parque eólico Legre (Mesía e Cesuras, A Coruña) (cód.ED 102A 2018/256-0).

O 23.03.2021 a DXPC autorizara a arqueóloga Lorena Vidal Caeiro para realizar outra prospección arqueolóxica para avaliación de impacto deste mesmo parque eólico (cód.CT 102A 2021/187-0).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. (DOG do 14.01.2021)*
- *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)*
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126, do 04.07.2022)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:



Análise da documentación

Estudo de impacto ambiental (EsiA)

- Recolle a avaliación ambiental do proxecto do Parque eólico Legre que, segundo a documentación remitida, terá unha potencia total de 37,95 MW e estará dotado de sete turbinas eólicas modelo SG170 ou similar de 6,0 MW, con potencias unitarias limitadas a 5,42 MW para as máquinas LEG-01, LEG-02, LEG-03, LEG-05, LEG-06 e LEG-07 e 5,43 MW para a LEG-04. As turbinas eólicas terán 115 m de altura ao buxa e 170 m de diámetro de rotor. Tamén se proxecta a súa infraestrutura asociada: vías de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para cableado, a subestación transformadora 132/30 kV, un edificio de control e máis a torre meteorolóxica de 115 m de altura.
- A enerxía xerada polo parque eólico evacuarase mediante unha liña de alta tensión (LAT) de 132 kV desde a SET PE Legre ata o apoio 44 da LAT 132 kV SET PE Abrente-SET PE Gasalla, da que parte unha LAT 132 kV PE Gasalla-SET Colectora Mesón, e desta á SET Mesón do Vento 220 kV, de Red Eléctrica Española (REE), liñas eléctricas que non son obxecto do proxecto avaliado.
- Fóra da poligonal do parque accederase ao parque eólico partindo da estrada nacional N-634, preto de Curtis. Dadas as características do parque eólico haberá un acceso norte para as turbinas eólicas LEG-04 a LEG-07 e outro ao sur para as máquinas LEG-01 a LEG 03. Será modificar o trazado dos accesos con modificacións puntuais nas curvas co obxecto de permitir o paso dos transportes especiais.
- No documento analízanse tres alternativas (0, 1 e 2) para construír o parque eólico, sendo escollida a alternativa núm.2 dado que, segundo o equipo redactor do estudo, é a que ofrece maior aproveitamento eólico e ten menor afección ambiental, incluído ao patrimonio cultural.
- No apartado 10, Elementos del Medio, sub-apartado 10.6, Patrimonio histórico-cultural, sinálase que se realizou unha revisión da documentación existente, bibliografía, traballos de investigación, fotografía aérea, cartografía e toponimia. No que respecta ao Camiño de Santiago indícase que discorre a máis de seis quilómetros da turbina eólica máis próxima.

O apartado 12, Identificación y valoración de impactos, subapartado 12.5.6, Impacto sobre el patrimonio cultural, remite ao Anexo III de Evaluación de impacto sobre el patrimonio cultural, no que se presentan os resultados da prospección arqueolóxica realizada e se conclúe que, en base á información recollida, o impacto global do parque eólico sobre o patrimonio cultural considérase compatible.

O apartado 13, Medidas preventivas, correctoras y compensatorias, subapartado 13.2.8, Patrimonio cultural, inclúe táboas coas medidas preventivas, correctoras y compensatorias nas fases de obra, funcionamento e desmantelamento.

- Como Anexo III achégase a “Memoria de Evaluación de Impacto sobre el Patrimonio Cultural del proyecto parque eólico Legre, ayuntamientos de Mesía y Oza-Cesuras (A Coruña)” asinada en abril de 2021 pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro (Zeta Arqueoloxía s.l.). A actuación arqueolóxica consistiu nunha prospección arqueolóxica de carácter extensivo de toda a poligonal, e carácter intensivo no ámbito dos 200 m a partir das infraestruturas proxectadas, dando como resultado un total de 29 elementos visibles do patrimonio cultural, sendo 18 deles de carácter arqueolóxico, 8 etnolóxico, 1 arquitectónico e mais o Castelo de Mesía que conta con interese arqueolóxico e arquitectónico.

Achéganse fichas dos elementos localizados no ámbito da prospección intensiva, actualizadas á data de entrega tanto nas imaxes como na descrición do xacemento, tamén se entregan fichas individualizadas coa descrición dos elementos, análise dos impactos das obras e proposta de medidas correctoras.

A cualificación dos impactos considera compatibles, moderados, graves ou críticos seguindo o modelo que se amosa no Anexo VI: Estudio de impacto ambiental y criterios técnicos, de la Lei 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental.



No que atinxe ás medidas correctoras propóñense medidas correctoras xenéricas e de carácter xeral para o todo proxecto e outras específicas para os xacementos arqueolóxicos afectados por algunha obra teñen medidas correctoras. A xenéricas son as seguintes:

- Control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo en fase de replanteo e remoción de terras.
- Comunicación ao equipo encargado do control e seguimento do emprazamento de posibles zonas de acopio ou préstamo, así como de calquera obra non recollida na planimetría do proxecto.
- Revisión pormenorizada de todo o replanteo previo ás obras.
- Incorporación dos elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas nos planos dos responsables de obra.
- Balizado dos posibles elementos que apareceran durante as fases de replanteo e construción, sinalización na planimetría de obra, prohibición de remocións non controladas nas súas inmediacións e control e seguimento.

- Respecto ao patrimonio arquitectónico e etnolóxico os elementos identificados son os seguintes:

Elemento	Distancia das obras	Impacto	Medidas correctoras específicas
Castelo de Mesía (GA15047014)	Moi lonxe, non vén determinada no documento	Compatible	Realización dun estudo de impacto visual sobre o elemento e o seu ámbito de protección.
Hórreo nas Teixeiras (H-BA-03)	0 m á área de cautela. Sobreanchos de voo en vial de acceso existente.	Compatible	Control arqueolóxico presencial en todas as actuacións dentro da área de cautela do elemento.
Hórreo nas Teixeiras (H-BA-04)	0 m á área de cautela. Sobreanchos de voo en vial de acceso existente.	Compatible	Control arqueolóxico presencial en todas as actuacións dentro da área de cautela do elemento.
Hórreo en A Fraga (H-BA-05)	0 m á área de cautela. Sobreanchos de voo en vial de acceso existente.	Compatible	Control arqueolóxico presencial en todas as actuacións dentro da área de cautela do elemento.
Hórreo en Vilardevesa-A Gándara (H-CB-10)	0 m á área de cautela. Sobreanchos de voo en vial de acceso existente.	Compatible	Control arqueolóxico presencial en todas as actuacións dentro da área de cautela do elemento.
Reitoral de Borrifáns	Non vén determinada no documento. Gabia de cableado pola veira contraria da estrada existente.	Compatible	Control arqueolóxico presencial en todas as actuacións dentro da área de cautela do elemento.
Hórreo en Escaravalleira (H-MS-05)	0 m á área de cautela. Vial de acceso existente.	Sen impacto	
Hórreo en Recelle (H-MS-06)	0 m á área de cautela. Vial de acceso existente.	Sen impacto	
Hórreos en Recelle (H-MS-08)	0 m á área de cautela. Vial de acceso existente.	Sen impacto	
CRUZ 01 (gravadas)	128 m vial novo de acceso ao LEG-03.	Sen impacto	

- Respecto ao patrimonio arqueolóxico recóllense de xeito pormenorizado os seguintes elementos: Castelo de Mesía (ben de interese cultural -BIC-, GA15047014), Medorra 5 da Revolta da Bandeira



(GA15047021), Mámoa 1 do Francés (GA15047027), Mámoa 2 do Francés (GA15047028), Mámoa 3 do Francés (GA15047029), Ermida de Santa Lucía (RE15026002), A Torre (TO15026009), túmulos 1 a 5 da Pedreira, túmulos 6 e 7 de Mou, Túmulo de Regueiro, túmulos 1 e 2 das Pedreiras, posible túmulo de Altos de Cabrui, Coto de Sta. Cristina e o topónimo de Castelo Verde.

Considéranse que non hai impactos para os seguintes xacementos localizados na poligonal:

- Medorra 5 da Revolta de Bandeira (GA15047021). A infraestrutura do parque eólico máis próxima ao elemento é a vía principal de acceso, situada a uns 207 metros ao SO do elemento no seu punto máis preto, endereitando unha curva da estrada existente cara ao lado oposto dunha pista asfaltada que serve de límite para a zona de cautela específica do xacemento. As obras proxéctanse fóra do ámbito de protección delimitado no Plan xeral de ordenación municipal (PXOM9 de Mesía).
- Túmulo de Mou 1 (inédito). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento sería a vía principal de acceso. Esta infraestrutura sitúase nuns 550 m ao NNW do elemento no seu punto máis próximo. As obras están fóra ámbito subsidiario de protección do elemento. Non hai impacto.
- Túmulo de Mou 2 (inédito). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a vía principal de acceso. Esta infraestrutura sitúase nuns 550 metros NNW do elemento no seu punto máis próximo. As obras están fóra ámbito subsidiario de protección do elemento.
- Túmulo de As Pedreiras 1 (inédito) . A infraestrutura do parque eólico o máis próximo ao elemento é a vía principal de acceso. Esta infraestrutura está situada uns 246 metros ao SE do elemento no seu punto máis próximo. obras están fóra do ámbito subsidiario de protección do elemento. Non hai impacto.
- Túmulo de As Pedreiras 2 (inédito). A infraestrutura do parque eólico o máis próximo ao elemento é a vía principal de acceso. Esta infraestrutura está situada uns 260 metros ao SE do elemento no seu punto máis próximo. As obras están fóra do ámbito de protección subsidiaria do elemento.
- Coto de Santa Cristina. A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a vía principal de acceso. Esta infraestrutura sitúase a uns 409 m ao SE do elemento no seu punto máis próximo. As obras quedan fóra do ámbito de protección subsidiaria do elemento.

Estímase que hai impactos compatibles cos seguintes xacementos:

- Castelo de Mesía (BIC, GA15047014). As infraestruturas do proxecto están deseñadas moi afastadas do elemento, así como do seu ámbito de protección especificamente delimitado no PXOM de Mesía. Non obstante, tendo en conta que se trata dun elemento con categoría BIC, considérase que, ademais da distancia das obras proxectadas, debe terse en conta a incidencia no seu territorio e paisaxe. A medida correctora proposta é realizar un estudo específico de impacto visual sobre o elemento e o seu ámbito de protección delimitado. Coa aplicación das medidas correctoras propostas, o impacto cualifícase como compatible.
- Mámoa 2 do Francés (GA15047028). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a estrada principal, situada a uns 114 metros ao norte do xacemento no seu punto máis próximo, e modificaría unha vía asfaltada existente no lado oposto a onde se sitúa o elemento. A medida correctora proposta é realizar un control arqueolóxico presencial en todas as actuacións a realizar dentro da zona de cautela do elemento. Coa aplicación das medidas correctoras propostas, o impacto cualifícase como compatible.
- Mámoa 3 do Francés 3 (GA15047029). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento sería a vía principal de acceso. Esta infraestrutura sitúase a uns 103 metros ao norte do xacemento no seu punto máis próximo, modificando unha vía asfaltada existente ao lado oposto do elemento. Coa aplicación das medidas correctoras oportunas, o impacto



considérase Compatible. Proponse como medida correctora realizar un control arqueolóxico presencial en todas as actuacións a realizar dentro da zona de cautela do elemento.

- Ermida de Sta. Lucía (RE15026002). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a gabia do cable. Esta infraestrutura sitúase a uns 70 metros ao NE do lugar no seu punto máis próximo, aproveitando unha pista forestal existente. Coa aplicación das medidas correctoras oportunas, o impacto considérase Compatible. Proponse como medida correctora realizar un control arqueolóxico presencial en todas as actuacións a realizar dentro da zona de cautela do elemento. A gabia deberá axustarse á superficie da vía que se utiliza. Coa aplicación das medidas correctoras propostas, o impacto cualifícase como compatible.
- A Torre (TO15026009). A infraestrutura eólica máis próxima é a estrada principal e a gabia do cable. Esta infraestrutura sitúase a uns 28 metros ao SO do elemento no seu punto máis próximo, aproveitando unha pista forestal existente (a gabia) e un camiño que a penas sofre modificacións. Coa aplicación das medidas correctoras oportunas, o impacto considérase compatible. Medida correctora: realización do control arqueolóxico *in situ* en todas as actuacións a realizar dentro da área de cautela do elemento. A gabia debe limitarse á superficie afectada.
- Túmulo da Pedreira 1 (Túmulo 01, inédito). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a estrada xeral. Esta infraestrutura sitúase a uns 62 metros ao NE do xacemento no seu punto máis próximo. A pista asfaltada non ten modificacións proxectadas xa que cumpre as especificacións técnicas de ancho e radio de curvas. O aumento do tráfico de vehículos será a única diferenza na fase de construción. Coa aplicación das medidas correctoras propostas, o impacto considérase compatible. Medida correctora: marcar a fronte da vía máis próxima ao elemento.
- Túmulo da Pedreira 2 (Túmulo02, inédito). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a estrada xeral. Esta infraestrutura sitúase a uns 104 metros ao NE do xacemento no seu punto máis próximo. A pista asfaltada non ten modificacións proxectadas xa que cumpre as especificacións técnicas de ancho e radio de curvas. O aumento do tráfico de vehículos será a única diferenza na fase de construción. Coa aplicación das medidas correctoras propostas, o impacto considérase compatible. Medida correctora: marcar a fronte da vía máis próxima ao elemento.
- Túmulo da Pedreira 3 (Túmulo 03, inédito). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a estrada principal. Esta infraestrutura sitúase a uns 132 metros ao NE do depósito no seu punto máis próximo. A pista asfaltada non ten modificacións proxectadas xa que cumpre as especificacións técnicas de ancho e radio de curvas. O aumento do tráfico de vehículos será a única afección na fase de construción. Coa aplicación das medidas correctoras propostas, o impacto considérase compatible. Medida correctora: marcar a fronte da vía máis próxima ao elemento.
- Túmulo da Pedreira 4 (Túmulo 04, inédito). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a estrada principal. Esta infraestrutura sitúase a uns 102 metros ao NE do depósito no seu punto máis próximo. A pista asfaltada non ten modificacións proxectadas xa que cumpre as especificacións técnicas de ancho e radio de curvas. O aumento do tráfico de vehículos será a única diferenza na fase de construción. Coa aplicación das medidas correctoras propostas, o impacto considérase compatible. Medida correctora: marcar a fronte da vía máis próxima ao elemento.
- Túmulo da Pedreira 5 (Túmulo 05, inédito). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a estrada principal. Esta infraestrutura sitúase a uns 150 metros ao NE do depósito no seu punto máis próximo. A pista asfaltada non ten modificacións proxectadas xa que cumpre as especificacións técnicas de ancho e radio de curvas. O aumento do tráfico de vehículos será a única diferenza na fase de construción. Coa



aplicación das medidas correctoras propostas, o impacto considérase compatible. Medida correctora: marcar a fronte da vía máis próxima ao elemento.

- Túmulo do Regueiro (Túmulo 08, inédito). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a vía principal. Esta infraestrutura sitúase a uns 100 metros ao NO do xacemento no seu punto máis próximo, modificando unha vía asfaltada existente ao lado oposto da marxe onde se sitúa o elemento. As modificacións proxectadas aproveitan unha intersección existente, polo que apenas ocupan superficies non estean afectadas. Proponse como medida correctora realizar un control arqueolóxico presencial en todas as actuacións a realizar dentro da zona de cautela do elemento. Coa aplicación das medidas correctoras propostas, o impacto cualifícase como compatible.
- Posible Túmulo de Altos de Cabrui (Túmulo 09, inédito). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a estrada principal e a fosa do cable. Modificouse a posición do LEG-03 para non afectar o ámbito de protección do elemento. A vía de obra aproveita unha vía existente, na que non se prevén modificacións. A foxa está deseñada a uns 108 metros ao norte da característica no seu punto máis próximo, aproveitando unha pista forestal existente. Coa aplicación das medidas correctoras oportunas, o impacto considérase Compatible. Medida correctora: proponse a realización dun control arqueolóxico presencial en todas as actuacións a realizar dentro da zona de cautela do elemento.
- Castelo Verde (TO01, inédito). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento é a estrada principal. Esta infraestrutura pasa pola zona deste topónimo en nova execución. Non hai restos arqueolóxicos asociados. Coa aplicación das medidas correctoras oportunas, o impacto considérase Compatible. Medida correctora: realización dun control arqueolóxico presencial en todas as actuacións a realizar dentro da zona de cautela do elemento.

O estudo identifica un único impacto cualificado como moderado sobre o elemento Mámoa 1 do Francés (GA15047027). A infraestrutura eólica máis próxima ao elemento sería a vía principal que se sitúa a uns 23 metros ao norte do xacemento no seu punto máis próximo, e sobre a que se proxecta modificar a vía asfaltada existente cara ao lado oposto do elemento (ancheamento é voo). Proponse como medida correctora realizar un control arqueolóxico presencial en todas as actuacións a realizar dentro da zona de cautela do elemento. Coa aplicación das medidas correctoras propostas, o estudo considera que este impacto pode ser considerado compatible.

- No Anexo VIII, Estudo de Impacto e Integración paisaxística, analízase a visibilidade desde os núcleos de poboación e elementos de interese paisaxístico e cultural incluíndo simulacións infográficas. Un dos elementos estudados é o Castelo de Mesía (BIC) desde o cal os observadores situados nas proximidades deste soamente verían os aeroxeradores LEG-01 e LEG-02 cunha incidencia visual alta, namentres que as máquinas restantes non serían visibles pola orografía. Non obstante, dos aeroxeradores LEG-01 y LEG-02 só sería visible a parte superior das palas. Respecto ao Camiño de Santiago, a análise das conchas visuais e simulacións infográficas demostra que o proxecto non sería visible, pola distancia (máis de 6 km) e pola orografía e vexetación existente.
- No Anexo X, Estudio de Efectos Acumulativos y Sinérgicos del Nudo Mesón do Vento (julio 2021), analízase e valórase o efecto acumulativo desta liña e de todas as existentes co parque eólico obxecto de estudo concluíndo que estes efectos non se verían incrementados pola construción das infraestruturas do Nó Mesón do Vento nin hai interacción co resto das estruturas existentes.

Proxecto de interese autonómico

- Estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial e ten como finalidade realizar a ordenación territorial dos terreos afectados polo proxecto do parque eólico Legre.



- No Anexo 3, Afeccións ambientais, os apartados 1.5.2.9. e 2.1.10. referentes a valoración de impactos e medidas protectoras e correctoras sobre o patrimonio cultural remiten ao Estudo de impacto arqueolóxico do Anexo III do EsIA.
- No Anexo 5, Xustificación da coherencia coas determinacións e criterios das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e análise de compatibilidade estratéxica, con respecto ao patrimonio cultural, e mais no apartado 3, Análise de compatibilidade estratéxica (ACE), puntos 3.1.e) e 3.3.a), indícase que o parque eólico non afecta os elementos do patrimonio cultural existentes.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como a planificación municipal, o Plan Básico Autonómico de Galicia (PB) e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que na zona de implantación do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras da infraestrutura eólica e que son identificados na Memoria de Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Anexo III do EsIA, onde se avalía os impactos sobre eles e se propoñen unha serie de medidas correctoras.
- Como resultado dos traballos arqueolóxicos localízanse no espazo analizado 20 elementos arqueolóxicos dos cales 13 son inéditos: 11 túmulos (10+1 posible), unha referencia con indicios arqueolóxicos (posible construción) e unha referencia toponímica. Con respecto aos elementos inéditos atopados, salienta que non consta que fosen presentadas na DXPC as fichas de inventario correspondentes, polo que haberá que requirilas, co obxecto de dar cumprimento do artigo 10 do Decreto 199/1997 polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Un dos bens identificados no estudo dentro da poligonal do parque eólico é o Castelo de Mesía (GA15047014), declarado ben de interese cultural (BIC). Trátase dun xacemento medieval fortificado que data de finais do século XIII ou principios do XIV. Atópase nun afloramento rochoso á beira do río Samo, e exercía o control das terras de Mesía sobre un dos camiños que comunicaban Santiago de Compostela e Betanzos na Baixa Idade Media. Presenta unha planta circular -pouco común en Galicia-, con varios cubos de torres pouco desenvolvidos e acaroados á muralla. No seu momento tamén contaba cunha torre interior amurallada e defensas de forma poligonal e foso. Recentemente realizáronse labores de limpeza da contorna e de estruturas concretas. Coa descuberta das escaleiras de acceso na zona leste do conxunto, a medio camiño dende a beira do río Samo ata o foso da fortificación, así mesmo, retirouse a vexetación do interior da Torre da Homenaxe co obxectivo de avaliar o seu potencial de cara a futuros traballos, e impulsárase unha escavación arqueolóxica no interior dunha das estruturas extramuros. Estes traballos que foron promovidos polo Concello de Mesía teñen como fin promover o rendemento sociocultural, a difusión e o coñecemento público do patrimonio arqueolóxico.
- As infraestruturas do parque eólico proxectadas estarían moi afastadas do elemento, así como do seu ámbito de protección, porén, tendo en conta que a súa categoría BIC, o estudo considerou que se debía ter en conta a incidencia no seu territorio e paisaxe, e, por tanto, propuxo como medida correctora realizar un estudo específico de impacto visual sobre o elemento e o seu ámbito de protección delimitado. A este respecto cómpre indicar que no Anexo VIII, Estudo de Impacto e Integración paisaxística, analízase a visibilidade dende este elemento, incluíndo simulacións infográficas, e conclúese que as persoas observadoras situadas nas proximidades deste soamente verían os aeroxeradores LEG-01 e LEG-02 cunha incidencia visual alta, namentres que as máquinas restantes non serían visibles pola orografía. Non obstante, dos aeroxeradores LEG-01 y LEG-02 indícase que só sería visible a parte superior das palas.



- Por outra banda, hai que ter en conta que algúns dos tramos das estradas existentes que se van utilizar como vías de acceso e comunicación do parque eólico discorren preto dalgúns xacementos arqueolóxicos como no caso das Mámoas do Francés e o Túmulo do Regueiro. O impacto sobre a Mámoa 1 do Francés, cualifícase o impacto como compatible por erro de transcripción, cando é, segundo o informe arqueolóxico, moderado. A este respecto considérase que se deberá garantir que non haxa obras de acondicionamento desas vías que poidan xerar impactos importantes sobre estes xacementos arqueolóxicos. Xa que logo, o deseño das obras de acondicionamento dos viarios existentes que discorren polos contornos de protección dos elementos arqueolóxicos aproveitarán ao máximo as zonas de ocupación das vías, e, por tanto, minimizarán as remocións de terras nas áreas de protección destes, e sempre evitarán incidir sobre as marxes das vías nas que se sitúan os elementos que hai que protexer. Asemade, considérase necesario realizar medidas correctoras complementarias como sondaxes arqueolóxicas valorativas para comprobar a existencia de restos arqueolóxicos nos espazos que van ser afectados.
- No contorno da referencia RE15026002 (Ermida de Sta. Lucía), a gabiá de cableado trázase a uns 70 metros ao NE do lugar no seu punto máis próximo, aproveitando unha pista forestal existente.
- A referencia TO15026005 recolle o topónimo A Torre, observándose preto do lugar sinalado unha anomalía no mapa LIDAR, no cumio do Monte da Torre, que é compatible coa existencia dunha estrutura defensiva (coordenadas UTM ETRS89 zona 29: X=562352, Y=4775165). Trátase dunha estrutura cuadrangular duns 20x20 m inscrita nun espazo circular que parece conservado parcialmente cara ao norte e leste.
- A referencia arqueolóxica TO15026009 recolle o topónimo A Torre. Na correspondente ficha do Anexo III cítase a posibilidade de asociar o topónimo coa construción indicada na imaxe da ficha, localizada a 350 m ao leste que corresponde aos restos dunha construción antiga (portada e pedra de armas). A medida correctora refírese ao edificio Casa de Canedo e non ó lugar do topónimo.
- Os elementos non afectados polas obras pero incluídos na poligonal do parque só se reflicten nunha imaxe-plano (Anexo III, apartado 7.1 Elementos del Patrimonio Cultural).
- Respecto ao acceso ao parque eólico, aínda que se describe a ruta fóra da poligonal, non se concretan as actuacións que será necesario realizar para acondicionar este acceso desde a rede de estradas xerais (rectificación de curvas, incremento de anchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc), polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados por estas actuacións.
- Asemade, é necesario ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia de bens arqueolóxicos non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configurar a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio. Polo tanto, considérase necesario o control e seguimento arqueolóxico das obras.
- Cotexados os datos e as planimetrías, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto en ambos documentos (PIA e EsIA).

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emítese un **informe favorable** dos documentos "Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Legre. Outubro 2021" e "Proxecto de Interese Autonómico Parque Eólico Legre. Xaneiro 2022" coas medidas correctoras establecidas na Memoria de Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural, do Anexo III do EsIA, debéndose, en todo caso, ter en conta as seguintes condicións e consideracións:



- Deberá garantirse que o deseño das obras de acondicionamento dos viarios existentes que discorren polos contornos de protección dos elementos arqueolóxicos aproveitarán ao máximo as zonas de ocupación das vías, e, por tanto, minimizarán as remocións de terras nas áreas de protección destes, e sempre evitando afectar a marxe da vía na que se sitúan os elementos.
- No caso da Mámoa do Francés 1 e Túmulo do Regueiro (Túmulo 08, inédito), garantirase que non se realizarán desmontes nas marxes das vías onde se sitúan os xacementos, e que o despeses/voos proxectados nesas marxes só levarán consigo unha roza superficial da vexetación sen remover as terras. Asemade nas marxes contrarias das vías que van ser afectadas polas rectificacións e ancheamento das vías, contemplarase a medida correctora de sondaxes arqueolóxicas previas para comprobar a existencia de restos arqueolóxicos. Os resultados destas intervencións deberán ser postos en coñecemento desta DXPC, como organismo competente na materia, que decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas protectoras antes do inicio das obras de construción. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación in situ dos mesmos, o que podería dar lugar a modificar o deseño das obras de acondicionamento das vías e/ou establecer novas medidas protectoras e correctoras.
- A gabia de cableado que se proxecta por unha pista forestal existente situada a 70 m da referencia Ermida de Sta. Lucía (RE15026002), deberá realizarse polo lado oposto da vía con respecto a onde se sitúa este elemento.
- No caso do elemento Casa dos Canedos (reflectida na ficha do topónimo A Torre -TO15026009-), a gabia proxectada tamén se deberá construír polo lado contrario do camiño con respecto á marxe na que se sitúa o devandito elemento.
- Deberá avaliarse o posible impacto sobre o patrimonio cultural das obras e modificacións que se fagan nos accesos ao parque eólico dende fora da poligonal do parque.
- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción deste realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm.92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.150, do 06.08.1997).
- Ao abeiro desta actuación de seguimento e control das obras, revisarse o lugar de Monte da Torre, nas proximidades do topónimo A Torre (TO15026005), a 325 m cara ao W deste, (coordenadas UTM ETRS89 zona 29, X=562352, Y=4775165), para comprobar sobre o terreo a anomalía observada no mapa LIDAR compatible coa existencia dunha estrutura defensiva.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos, avaliarase o impacto das obras e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Asemade, os concellos afectados deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.
- Os contornos de protección dos bens do patrimonio cultural, deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- A partir dos resultados das actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo a DXPC, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.



- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico fóra da poligonal, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc..). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

Respecto do PIA

- Deberá incorporar calquera modificación no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes para que haxa total correspondencia entre o proxecto executivo, o EsIA e o PIA. Asemade deberá incluír a totalidade do inventario dos bens identificados no EsIA, todas as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no mesmo.
- Os contornos de protección dos bens de patrimonio cultural serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos existentes e contrastados en campo. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- De ser o caso, os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe emítese dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e para iso, o promotor ou o concello deberá remitir o correspondente proxecto técnico previa concesión de licenza.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA
DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

